# BOLETÍN OFICIAL
## PROVINCIA DE PONTEVEDRA

Deputación Pontevedra

LUNS 19 DE DECEMBRO DE 2011 • Número 241 • Páx. 1


## SUMARIO


**ADMINISTRACIÓN DEL ESTADO** *Pág.*

MINISTERIO DEL INTERIOR

Subdelegación del Gobierno en Pontevedra ......... 2

Jefatura Provincial de Tráfico de Pontevedra ....... 3

MINISTERIO DE FOMENTO

*Puertos del Estado*

Autoridad Portuaria de Marín
y Ría de Pontevedra ........ 4

**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

*Servizo de Relacións Laborais*

*Convenios Colectivos*

Consorcio Zona Franca de Vigo ........ 5

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

*Augas de Galicia*

Subdirección Xeral de Xestión
do Dominio Público Hidráulico ........ 34

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E INDUSTRIA

Delegación Territorial de Pontevedra ........ 35

**ADMINISTRACIÓN LOCAL** *Pág.*

**Municipal**

Vigo ........ 36

Arbo ........ 63

Baiona ........ 64

Rodeiro ........ 64

Rosal, O ........ 66

**ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA**

**Tribunal Superior de Justicia de Galicia**

Secretaría de Gobierno ........ 74

**Juzgados de Primera Instancia e Instrucción**

De Pontevedra ........ 74

De Vigo ........ 76

De Cambados ........ 81

De Santiago de Compostela ........ 82

**Juzgados de lo Social**

De Pontevedra ........ 82



EDITA: Deputación Pontevedra • Tel. 986 804 100 • www.bop.depo.es • bop@depo.es • Depósito Legal: PO 1-1958

## CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

*DELEGACIÓN TERRITORIAL DE PONTEVEDRA*

*Resolución do 23 de novembro de 2011 da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización administrativa e a aprobación do proxecto de execución da planta de xeración eléctrica a partir de biomasa forestal primaria que se cita no municipio de Meis (Nº Expte: 1N407A 2011/256-4).*

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, de 27 de novembro, e no artigo 125 do Real decreto 1955/2000, de 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, e no Decreto 149/2008, do 26 de xuño (DOG número 141), polo que se regula o procedemento de autorización das instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir da valorización enerxética da biomasa forestal primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, sométese a información pública a petición de autorización administrativa e a aprobación do proxecto de execución da instalación eléctrica que se describe:

— *Solicitante:* MONTELIMPO, S.A. (GRUPO ADIANTA)

— *Domicilio Social:* PARQUE SAN LÁZARO Nº 7, 1º. OURENSE

— *Título:* CENTRAL DE BIOMASA DE 10 MW DE POTENCIA NETA EXPORTADA A REDE NO POLÍGONO INDUSTRIAL BARRO-MEIS (PONTEVEDRA)

— *Situación:* MEIS.

— *Características técnicas:*

- Parque de almacenamento exterior, procesado e pretratamento interior de biomasa composto por almacéns, cintas transportadoras e elementos de transporte, trituradora-achadora frontal de 4 coitelas de 250 KW, sistema de arrastre tipo vaivén (con 2 fondos móbiles e 4 unidades hidráulicas), sistema de detección de metais e sistema de cribado dimensionados para unha produción de 25 tn/h.
- Caldeira de produción de vapor de tipo acuotubular, eonstrución vertical e compacta de 41.400 kWh de produción nominal, cos scus correspondentes elementos, ata auxiliares, talles como cámara de combustión, grella, queimador de arranque, tambor de vapor superior, evaporador, economizador, prequentador de aire, intercambiador de calor aire/vapor, 3 sobrcquentadores, controlador de temperatura, condutos de aire/gases, eheminea, ventilador de aire forzado primario e secundario, ventilador de recirculación de gases, ventilador de tiraxe inducido, filtro de mangas, silo dosificador de alimentación á caldeira.
- Conxunto de equipos independentes asociados a caldcira como economizador de 3.400 m2 de área de transferencia, prequentador de aire, intcrcambiador de calor aire/vapor para un caudal de vapor de 2.466 Kg/h a 4,5 bar e 149,5 °C e 3 sobrequentadores (2 cun área de transferencia de 215m2 e o terceiro de 102 m2).
- Sistemas auxiliares principais da caldcira consistentes en desgasilleador térmico de tipo torre, estación de inxección de produtos químicos, sistema de extracción de cinzas e sistema de control e automatización; circuito de refrixeración de aceite da turbina por torre de refrixeración de tipo pechada de 130 m3/h de caudal primario, dispondo de balsa de retención.
- Grupo turbo-xerador composto por turbina de vapor de tipo condensación con rcdutor incorporado conectado mediante axuste elástico a alternador síncrono trifásico de 4 polos, auto-excitado, sen escobas, con regulación de tensión, cos ? electrónico e conexión en paralelo á rede de potencia nominal de 11.400 kW e cos phi de 0,91 e tensión de 6,3 kV.
- Sistema de condensación c baleiro que consta dun aerocondensador con 2 bombas de condensados e 2 de drenaxe; así como dos equipos e sistemas auxiliares necesarios para o seu funcionamento.
- Subsistema eléctrico de xeración composto por unha subestación MT/MT con relación de transformación 66 KV/6.3 KV de tipo mixto con aparamenta de montaxe exterior (equipos

complementarios de MT, descargadores de sohretensións, transformadores de tensión, transformadores de intensidade, seccionadores e disyuntores. Transformación de potencia con relación de transformación 66 kV/6,3 kV de 12,6 MVA de potencia nominal e sistema de refrixeración ONAN e transformador auxiliar para autoconsumos de relación de transformación 6,3 kV/400V de 1.600 kVA de potencia nominal e sistema de refrixeración ONAN.

- Edificio de mando do sistema eléctrico que inelúc o cadro eléctrico de MT formado por celas illadas en SF6, e os sistemas de alimentación e de mando e control, así como os sistemas de seguridade cos diferentes grupos de dispositivos eléctricos e mecánicos necesarios.
- Subsistema de baixa tensión co seus correspondentes cableados entre o grupo turbo-xerador e o transformador do grupo; cadro xeral con embarrado de urxencia; canalizacións eléctricas entre cadros e equipos, implantación da rede de terras e grupo xerador de urxencia.

'l'odas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións nesta xcfatura territorial, edificio administrativo avda. Fernández Ladreda u° 43, 5°, 36003 Pontevedra, no prazo dun mes a partir da última publicación.

Así mesmo, e durante o mencionado prazo, poderase examinar nesta xelatura territorial e no coneel lo de Meis o proxecto da instalación.

Pontevedra, a 23 de novembro de 2011.—O Xefe Territorial de Pontevedra, Ignacio Rial Santomé.

**2011012135**

# ADMINISTRACIÓN LOCAL

## AYUNTAMIENTOS

### VIGO

EDICTO

De conformidade có disposto nos artigos 59.5 e 61 da Lei 30/1992 de 26 de novembro de Réxime xurídico das administracións públicas e do Procedemento administrativo común, por non terse podido practicar a notificación no último domicilio coñecido, fanse públicos os seguintes requerimentos de identificación do conductor dos vehículos denunciados por infraccións de trafico que se relacionan de seguido.

O interesado dispón dun prazo de 15 días naturais, contados a partires do dia seguinte ó da publicación deste anuncio, para identificar diante deste Departamento de mobilidade e seguridade ó conductor responsable da infracción, xa que de non idéntifica-lo nese prazo ou facelo de xeito incorrecto é motivo de incoación dun novo expediente sancionador en virtude do art. 9 bis 1, en concordancia có art. 65.5 j), do RD Lexislativo 39/1990 polo que se aproba o Texto Articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria, que tipifica dita conducta como infracción MOI GRAVE sancionable, de acordo có establecido no art. 67.2 a) da mesma Lei, con multa do dobre da prevista para a infracción orixinaria que a motivou, se é infracción leve, e o triplo, se é infracción grave ou moi grave.

Se o conductor non figura inscrito no Rexistro de Conductores e Infractores, o titular deberá dispor de copia da autorización administrativa que lle habilite para conducir en España e facilitala á Administración cando lle sexa requerida. Se o titular fose unha empresa de aluguer de vehículos sen conductor, a copia da autorización administrativa poderá substituirse pola copia do contrato de arrendamento.